



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

MOCIÓN

CIDADE AMIGA DA INFANCIA

O programa cidades amigas da infancia liderado por UNICEF Comité Español, ten por obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989) da que o noso país e signatario, no ámbito dos gobernos locais.

O programa incentiva a creación dos planes locais da infancia e adolescencia, promove a participación cidadá dos nenos na vida municipal, impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas.

O programa Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Sevizos Sociais e Igualdade e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A través do selo de recoñecemento de Cidade Amigada infancia UNICEF Comité Español recoñece aos pobos e cidades que cumpren cos requisitos establecidos a tal efectos, que se recollen no documento de directrices Guía de Xestión do Selo CAI 2015-2016.

Considerando que o programa CAI e o Selo de Recoñecemento Cidade Amiga favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular, considerando ademais, que o noso municipio compre cos requisitos estipulados e manifestando a nosa vontade de contribuír activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na nosa localidade.

Propoñemos ó Pleno Municipal

- a) Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar los trámites para a obtención do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia: así como
- b) Contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas da infancia e adolescencia da nosa localidade.

Cabanas, 18 de xullo de 2017